

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA PROPORCIONAR AO PERSOAL INVESTIGADOR DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA ACCESO A RECURSOS DE SUPERCOMPUTACIÓN, ALMACENAMIENTO DE DATOS E COMUNICACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coas universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o financiamento das accións que supoñen dar resposta ás necesidades do persoal investigador de acceso a unha serie de tecnoloxías avanzadas e coñecementos técnicos de última xeración. Trátase de poñer a disposición do persoal investigador o uso dos servizos dun supercomputador que permita realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda ancha necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do SUG.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que o persoal investigador do SUG precisa usar as infraestruturas de cálculo, comunicacións e almacenamento de datos ao servizo do Sistema de Investigación.

A promoción da I+D+I non é posible sen o uso de supercomputadores que permiten procesar grandes cantidades de datos nun curto período de tempo, deste xeito é posible simular o impacto que pode provocar un experimento en calquera rama da ciencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente

